

# O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O día 14 de maio celebrouse o día das letras galegas cun pequeno acto organizado polo IES Cabo Ortegal na casa da cultura. Aínda que o día verdadeiro foi o luns 17 e adiantouse por mor de que o luns era festivo e non había clase.

O acto comezou por unha película moi antiga en branco e negro “O carro e o home” que trataba sobre a montaxe dos primeiros carros que levados polas vacas transportaban palla, millo, patacas... A continuación actuaron catro grupos de nenas cunhas exhibicións de aeróbic coa coreografía inventada por elas mesmas, a coordinación entre os grupos foi perfecta. Despois houbo unha representación dunha obra, estivo moi ben, a pesar dos escasos días que tiveron para ensaiar. Representaban sucesos de señoras/ os da aldea con moita simpatía. Tamén houbo uns poemas preciosos acompañados cunha guitarra de fondo. Tampouco puideron faltar as gaitas nun día como este acompañadas de tambor, panderetas, tambor e bombo interpretando varias cancións. Por fin, a SORPRESA que todos esperabamos era a profesora de música, Cristina; o profesor de sociais, Jorge e a profesora de francés, Virginia tocando con tambor, gaita e bombo varias cancións. Cando remataron xuntáronse os profesores que tocaban, cos alumnos e xuntos interpretaron o HIMNO GALEGO. Ó rematar proseguiron á entrega de premios de:

- Animación á lectura.
- 2º concurso de eslogans: “Di non as drogas”.
- Certame de Santo Andrés de Teixido.
- 1º Certame musical.

Ninguén pensou que a actuación ía ter tanto éxito. O público animou entusiasmado e iso fixo que os que actuaron tamén se animaran.

LAURA GARCÍA RUÍZ 3º E.S.O. A